

Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia (10/PNC-003880, doc. núm. 47987)

Emenda de modificación

Débase substituír o primeiro parágrafo da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“- Establecer unha mesa de traballo entre a Dirección Xeral de Comercio e a Fegamp para definir os criterios de elaboración dun catálogo de comercios emblemáticos de Galicia, cuxa adhesión sería voluntaria.”

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“- Abrir no orzamento de 2020 unha liña específica de axudas destinada a incentivar a pertenza a este selo de calidade do tecido comercial.”

Pazo do Parlamento, 03 de xullo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 17:25:59
Nº Rexistro: 52234
Data envío: 03/07/2019 17:25:59.969

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/07/2019 17:07:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2019 17:07:51

CSV: REXISTRO1K1Mxahnc2K7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts (10/PNC-004139, doc. núm. 51757)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica para que cumpra coa planificación vixente 2015–2020 de Rede Eléctrica de España, que respondía a unha solicitude da factoría industrial de PSA realizada no ano 2013, sometida ao Congreso dos Deputados a aprobada por Acordo do Consello de Ministros do anterior Goberno de Mariano Rajoy, levando a cabo todas as medidas necesarias para desbloquear este investimento e iniciar a construción dunha nova subestación para atender a demanda industrial de Balaídos e conectar a Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios, facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo e un abaratamento da factura eléctrica, tal e como tiña sido solicitado pola empresa PSA no ano 2013.”

Pazo do Parlamento, 03 de xullo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 17:26:16
Nº Rexistro: 52235
Data envío: 03/07/2019 17:26:16.039

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/07/2019 17:07:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2019 17:07:18



Á MESA DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea núm. 47987 (10/PNC-003880)**, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.^a do día 4 de xullo de 2019.

Emenda de engádega:

Débese engadir na parte resolutiva, un punto co seguinte texto:

“3.- Desenvolver estudos e informes, tendo en conta o artigo 29 da Lei 13/2010 do 17 de decembro de comercio interior de Galicia, das consecuencias para o comercio local e a destrución de emprego que implica, da implantación de grandes superficies comerciais que puideran estar en trámite ou o fixeran no futuro.”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/07/2019 18:02:02

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 18:02:18



Á MESA DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia núm. 51757 (10/PNC-004139)**, “Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.^a do día 4 de xullo de 2019.

Emenda de engádega

Deben engadirse na parte resolutiva da proposta os seguintes puntos:

“2.- Instar ao goberno a presentar ás Cortes Xerais unha reforma da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico para modificar o réxime de propiedade das empresas distribuidoras, con máis de 100.000 usuarios conectados ás súas redes, equiparándoo ao do transportista Rede Eléctrica de España S.A., establecendo unha participación da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e das autonomías nas compañías que distribúan nos seus territorios, a través dos organismos ou compañías públicas que estimen oportuno, no capital das devanditas empresas non inferior ao 20 por cento, sendo esta participación de control. As distribuidoras con 100.000 clientes, ou menos, conectados ás súas redes, non poderán formar parte dun grupo de sociedades que inclúa algunha das que aparecen na listaxe de Operadores Principais do Sistema Eléctrico publicado pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.



3.- Instar ao goberno a reformar igualmente a disposición adicional vixésimo terceira da Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico para que a SEPI manteña, en todo caso, unha participación en Red Eléctrica Española Corporación S.A. non inferior ao 20 por cento.

4.- Pór en marcha estudos para, no futuro, dar entrada tamén aos concellos na propiedade e a xestión das compañías de distribución eléctrica nos seus territorios.

5.- Establecer as disposicións legais tendentes a facilitar a concellos. que polo seu reducido tamaño non teñan capacidade de entrar na propiedade das grandes distribuidoras de referencia. a crear distribuidoras locais públicas que poidan garantir un acceso á enerxía eléctrica xusto e democrático.”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 03/07/2019 18:23:33

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 18:23:50

